

RESOLUCIÓN do....de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade do Acordo entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as organizacións sindicais ANPE, CC.OO., CSIF e FETE-UGT polo que se engade unha disposición transitoria cuarta ao Acordo do 20 de xuño de 1995 polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia que imparte ensinanzas distintas das universitarias (publicado pola Resolución do 28 de xuño de 2017, Diario Oficial de Galicia número 131, do 11 de xullo).

O 30 de maio de 2022 a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as organizacións sindicais ANPE, CC.OO., CSIF e FETE-UGT acordaron engadir unha disposición transitoria cuarta ao Acordo do 20 de xuño de 1995 sobre o acceso á función pública docente en calidade de persoal interino e substituto (texto refundido polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que imparte ensinanzas distintas das universitarias, publicado pola Resolución do 28 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, Diario Oficial de Galicia nº 131, do 11 de xullo).

Con base no disposto polo artigo 38 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, procede ordenar a publicación da citada modificación no Diario Oficial de Galicia.

Por todo o anterior,

ACORDO:

Ordenar a publicación no Diario Oficial de Galicia do acordo entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as organizacións sindicais ANPE, CC.OO., CSIF e FETE-UGT polo que se engade unha disposición transitoria cuarta ao texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, que imparte ensinanzas distintas das universitarias, como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela,de xuño de 2022
Director xeral de Centros e Recursos Humanos
Jesús Manuel Álvarez Bértolo

ANEXO

Engádese unha disposición transitoria cuarta ao Acordo do 20 de xuño de 1995 polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia que imparte ensinanzas distintas das universitarias.

No próximo mes de xuño de 2022 comezara o desenvolvemento dos procedementos selectivos de ingreso e acceso aos distintos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, convocados pola Orde do 28 de xaneiro de 2022, publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 20, do 31 de xaneiro de 2022.

A Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, no artigo 2.1 autoriza unha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluírá as prazas de natureza estrutural que, estando dotadas orzamentariamente, estiveran ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020.

E as disposicións adicionais sexta e oitava da mesma lei 20/2021, prevén unha convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal polo sistema de concurso.

Dadas as expectativas xeradas en determinado persoal docente interino e substituto pola próxima convocatoria do concurso de méritos que deberá publicarse con anterioridade ao 31 de decembro de 2022, e tendo en conta o reducido número de prazas que se ofertarán no concurso-oposición derivado do artigo 2.1 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, non parece aconsellable obrigar ao persoal docente interino e substituto a presentarse aos procedementos selectivos convocados no ano 2022 para os únicos efectos da permanencia nas listas de interinidades e substitucións.

Por esta razón, engádesse unha disposición transitoria cuarta ao Acordo do 20 de xuño de 1995 entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as organizacións sindicais ANPE, CC.OO, CSIF e FETE-UGT polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, coa seguinte redacción:

“Disposición transitoria cuarta

O persoal docente interino e substituto que presta servizos en calquera especialidade na Comunidade Autónoma de Galicia non estará obrigado a participar nos procedementos selectivos para ingreso nalgún corpo da función pública docente que se convoquen no ano 2022 para os únicos efectos da permanencia nas listas de interinidades e substitucións.”